o lavadoiro

PACTO COMUNITARIO



Deputación DA CORUÑA

IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

arabías

MOECHE CONCELLO

San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

Cabo Ortegal
PROXECTO DE XEOPARQUE

Contido

Presentación 5

Que é o pacto? 7

O Lavadoiro crea unha nova comunidade 11

O Lavadoiro crea un novo escenario público 13

O Lavadoiro suma pasos á ruta de acompañamento 21

Presentación

A Deputación da Coruña conta cunha ampla traxectoria no desenvolvemento de medidas específicas que impulsen a igualdade de xénero. Unha mostra disto é *Compartimos Plan*, un proxecto marco de planificación estratéxica para a articulación dos traballos de deseño da *Diagnose de Acción das Políticas de Igualdade na provincia da Coruña* para o período 2019-2023. Froito desta planificación puxemos en andamento *O Lavadoiro*, un programa de formación, prevención e sensibilización sobre a violencia machista e que se desenvolveu nos concellos de Moeche e San Sadurniño.

O Lavadoiro que comezou en marzo en 2022 foi un proceso participativo, coordinado entre as tres administracións implicadas, en que participaron veciñas e veciños e persoal dos concellos que se uniron nun grupo de facilitadores e facilitadoras comunitarias, que chegaron a acordos e crearon unha rede de apoio veciñal que pretende perdurar e tecera así unha sociedade comunitaria de apoio ás vítimas de violencia machista.

O documento que aquí vos presentamos é un *pacto comunitario* que pretende crear un novo escenario público onde as mulleres vítimas de violencia machista se sintan arroupadas, onde se constrúan espazos de transformación social e do que todas e todos poidamos facer parte.

Quero aproveitar para agradecer o traballo e o compromiso a todas as veciñas e veciños e o persoal municipal de Moeche e San Sadurniño que vos comprometestes na creación desta rede e deste pacto comunitario. Toca agora seguir tecendo esta rede e manténdoa activa para lograr concellos libres de violencia machista.

María Muíño Filgueira
Deputada de Igualdade

Os lavadoiros de Moeche e San Sadurniño. Elas son as lavandeiras, que co seu legado fixeron posible que hoxe exista este Lavadoiro comunitario.

As Loibas, Bardaos, 1958 (cedida por Fálame de San Sadurniño)

O Lavadoiro do Castelo, 1976 (Isabel Parada Rodríguez)

Que é o pacto?

O Lavadoiro e un programa de prevención, formación e sensibilización sobre a violencia machista impulsado nos Concellos de San Sadurniño e Moeche por parte da Deputación da Coruña e da man do equipo técnico de Arabías S. Coop. Galega. O Lavadoiro xorde como unha proposta de intervención integral en materia de violencia machista no contexto rural. É un espazo dirixido á veciñanza para compartir información, coñecemento e aprendizaxes para a prevención, a formación e a sensibilización sobre a violencia machista.

Entre marzo e xuño de 2022, O Lavadoiro desenvolveu diferentes actividades formativas e de sensibilización arredor da prevención e a atención en casos de violencia machista. O obxectivo final era tecer unha rede municipal de sororidade para dar apoio ás mulleres en situación de violencia machista e fomentar a cultura da igualdade de xénero.

O pacto comunitario xorde agora dun proceso participativo entre os grupos que forman parte do Lavadoiro: as veciñas que decidiron unirse nun grupo de facilitadoras comunitarias, os veciños que formaron o grupo de aliados e o persoal profesional e político da administración local que participou no proxecto. Despois de traballar en diferentes espazos de escoita e de construción colectiva, estes grupos chegaron a diferentes acordos para crear unha rede veciñal que funcione en base á sororidade e a confianza mutua.

O documento que tes nas mans recolle os saberes, roles e compromisos de cada un destes grupos no marco desta nova rede veciñal. Unha rede que tece, recupera e transforma o común para lograr unha nova comunidade, un novo escenario público e unha nova ruta de acompañamento para mulleres que vivan unha situación de violencia machista.

O Pacto Comunitario que hoxe presentamos pretende ter un carácter vivo e versátil, é dicir, sempre estará suxeito a mudanzas e adaptacións en función dos ritmos, da evolución e das necesidades da rede veciñal que vaian xurdindo. Así, contémplanse espazos de reflexión para actualizar e facer deste pacto unha ferramenta útil e contextualizada.

Por que?

No pasado, os lavadoiros públicos eran espazos ocupados por mulleres; lugares onde as veciñas acudían para lavar a roupa, mais tamén para conversar, compartir experiencias e intercambiar coñecementos. Neste proceso, afianzábanse os vínculos afectivos e a sororidade entre elas. Así, os lavadoiros convertíanse tamén en espazos de resistencia fronte á violencia machista.

O Lavadoiro xorde para crear un espazo de encontro feminista que, a diferenza dos antigos lavadoiros, lles permita a entrada aos homes e os convide a lavar colectivamente os trapos sucios do machismo de forma aberta e pública.

Este pretende ser un espazo para construírmos outras maneiras de relacionarnos e bentratarnos en igualdade que permitan erradicar a violencia machista.

Porque confiamos na nosa comunidade e nos lazos de sororidade para...

...arroupar as mulleres que viven unha situación de violencia machista

...sensibilizar sobre a igualdade de xénero

...educar na igualdade e na prevención da violencia machista

...visibilizar o sexismo e a violencia machista

...construír concellos libres de violencia cara ás mulleres

Para que?

O proxecto do Lavadoiro culmina agora coa creación deste pacto comunitario, polo cal todas as persoas que participaron se comprometen a crear unha rede veciñal onde:

- **As mulleres en situacións de violencia** poidan contar cunha rede veciñal onde atopar persoas que as escoiten, arroupen, comprendan e acompañen a recursos de apoio psicolóxico, xurídico e social.

- **As facilitadoras comunitarias** constrúan un espazo de transformación social a prol da igualdade de xénero onde as mulleres en situación de violencia atopen un grupo de sororidade, acompañamento e apoio.

- **Os homes aliados** sexan referentes para o seu entorno sobre novos modelos de masculinidade que non perpetúen o machismo e o sexismo.

- **O persoal técnico e político** estea preparado para detectar e previr situacións de violencia machista e acompañar e derivar as mulleres que a sofren.

Quen?

Unha rede veciñal para construír unha nova comunidade, un novo escenario público e suma pasos á ruta de acompañamento da administración pública:

Como e cando?

Fitos no camiño:

ABRIL - XUÑO 2022

FÓRMAMONOS E COMPARTIMOS APRENDIZAXES E VIVENCIAS: Proceso de formación, de aprendizaxe e de intercambio de saberes e vivencias entre facilitadoras comunitarias, aliados e profesionais.

ABRIL - XUÑO 2022

CREAMOS TRES GRUPOS DE CONFIANZA: Afianzamento destes tres grupos a partir da creación de dinámicas de confianza mutua e escoita activa.

XUÑO 2022

ESCOITÁMONOS E PENSAMOS NO FUTURO: Intercambio de reflexións e aprendizaxes entre os tres grupos. Apertura dun proceso participado onde todas poñemos o noso gran de area para crear este pacto comunitario.

XUÑO 2022

COMPROMETÉMONOS: Afianzamento dos nosos compromisos para garantir un futuro de sororidade e axuda mutua.

O Lavadoiro crea unha nova comunidade

Onde a rede veciñal está viva e activa para lograr unha comunidade libre de violencia machista.

FACILITADORAS COMUNITARIAS

As facilitadoras comunitarias do Lavadoiro son un grupo sociocomunitario que ten un carácter aberto, vivo e dinámico.

- É un **grupo aberto** porque as facilitadoras sempre están abertas a recibir máis compañeiras que sumen ao grupo e ao seu quefacer.
- É un **grupo vivo** porque se constitúe con ilusión para transformarse e evolucionar constantemente.
- É un **grupo dinámico** porque nace para estar presente na comunidade.

Trátase dun espazo de sororidade que ten un compoñente transformativo a prol da igualdade de xénero e da prevención das violencias machistas.

ALIADOS

É un **grupo orgánico de homes que se presenta como un motor de cambio na comunidade**, co obxectivo de contribuír a minimizar as actitudes machistas mostrando outros puntos de vista no seu entorno máis próximo de homes.

PERSOAL TÉCNICO E POLÍTICO

É un grupo de persoas que se comprometen coa formación, a sensibilización e a acción para garantir o coidado do Lavadoiro. Para logralo márcanse varios retos de futuro:

- **Ser motor** porque se comprometen a dar apoio aos grupos de facilitadoras e aliados.

- **Ser voz** porque teñen vontade de darlle visibilidade ao Lavadoiro para así conseguir que máis persoas formen parte desta rede veciñal.

  - **Ser receptoras e detectoras** porque as mulleres en situación de violencia machista son veciñas usuarias da administración. Comprométense a estar formadas e coñecer a ruta de actuación nestes casos.

  - **Ser ponte** porque deben acompañar o labor das facilitadoras comunitarias como persoas clave que poidan saber de mulleres que sufran situacións de violencia machista.

O Lavadoiro crea un novo escenario público

Onde as mulleres en situación de violencia machista se senten arroupadas polas facilitadoras e polo persoal técnico e político.

Onde as veciñas e veciños poden adherirse a esta rede veciñal e formar parte dos grupos.

Onde as facilitadoras e aliados constrúen espazos de transformación social a prol da igualdade.

Onde o persoal técnico e político se compromete a ser ponte, motor e voz desta rede veciñal.

AS FACILITADORAS COMUNITARIAS

Que saberes albergan?

As facilitadoras comunitarias son veciñas que albergan saberes para axudar as mulleres en situación de violencia machista:

- Albergan o **saber de acompañar**; é dicir, escoitan e comprenden para transitar a situación en que se atopan estas mulleres –sen xulgar e cunha garantía de anonimato e confidencialidade-.

- Albergan o **saber de derivar**; é dicir, coñecen aquelas profesionais e recursos públicos que poden prestar apoio psicolóxico, xurídico e social.

As facilitadoras comunitarias son un grupo aberto que confían na transformación social a prol da igualdade de xénero.

- Albergan o **saber de transformar**:

  - Sensibilizan a comunidade sobre valores relacionados coa igualdade de xénero.

  - Apostan pola creación de espazos de sororidade e igualdade de xénero.

↳ Fortalecen e afianzan a súa rede de traballo a través dun grupo propio de WhatsApp.

Que rol desempeñan?

Están en contacto constante coa administración local e cos aliados.

Como garanten a súa relación e participación directa na administración local?

↬ A través dunha persoa referente que fai de ponte e garante que sigan sendo un grupo vivo e activo. A relación entre as facilitadoras e esta persoa é constante a partir de xuntanzas periódicas[1].

↬ A través da utilización de espazos públicos cedidos pola administración para realizar xuntanzas de grupo e de acompañamento.

↬ A través da súa participación noutros proxectos e actividades do Concello, non soamente naqueles que están directamente relacionados coa igualdade de xénero, por exemplo, nos orzamentos participativos.

↬ A través do acompañamento da administración local coa dotación dos recursos necesarios (formativos, información...), para así seguir medrando e desenvolvendo o seu rol de facilitadoras.

↬ A través de xornadas de reflexión conxunta onde se dá a coñecer o seu labor e O Lavadoiro a toda a comunidade.

↬ A través da súa voz, que será clave para deseñar políticas de igualdade e campañas de prevención da violencia machista.

Como garanten a súa relación directa cos aliados?

↬ A través da participación conxunta en espazos, como, por exemplo, xornadas abertas á comunidade.

↬ A través dun grupo de WhatsApp conxunto onde manter unha comunicación fluída e constante.

1. As persoas de referencia están pendente de definir. En función das circunstancias de cada administración municipal serán asignadas en función do rol que se adapte en cada momento.

- A través das redes sociais, onde se comparte a páxina do Lavadoiro.

Promocionan e visibilizan O Lavadoiro e a rede veciñal

Como logran difundir O Lavadoiro?

- Contan con material de difusión onde se expón a información necesaria sobre O Lavadoiro e a rede veciñal.

- Comprométense a dinamizar xornadas divulgativas abertas á veciñanza, onde dan a coñecer os seus saberes e o seu rol.

- Dinamizan a páxina das redes sociais onde se dá a coñecer O Lavadoiro.

Como dar con elas?

Podes dar coas facilitadoras comunitarias na páxina de
O Lavadoiro en Facebook e en lavadoiromoesan@gmail.com

As facilitadoras tamén son visibles na comunidade, xa que poñen en marcha **estratexias de intervención e acollida** no territorio.

- Proxección pública en proxectos e actividades do Concello que van máis aló da igualdade

- Presentación en entidades e asociacións da zona

- Celebración de reunións do grupo de dous tipos:

  - Reunións internas do grupo

  - Reunións abertas, para que poidan participar persoas da comunidade

- Reivindicación de días conmemorativos relacionados co feminismo na comunidade.

OS ALIADOS

Que saberes albergan?

Os aliados apostan por un proceso grupal onde evolucionar e facer un traballo persoal que derive nun efecto multiplicador.

- Eles albergan o **saber de transformar** para:
  - Evidenciar a importancia de cambios diarios nas pequenas cousas, como, por exemplo, non tolerar o humor sexista.
  - Rachar con etiquetas que fan pensar que non normalizar o machismo é unha "rareza".
  - Romper con tabús e estereotipos vinculados á masculinidade, para visibilizar que hai homes feministas.
  - Mostrar a vulnerabilidade e sensibilidade masculina e poñer en valor trazos que tradicionalmente se vincularon coa feminidade.
  - Aportar referentes de masculinidade diferentes, especialmente ás crianzas e adolescentes.
  - Fortalecen e afianzan a súa rede de traballo a través dun grupo propio de WhatsApp.

Que rol desempeñan?

Están en contacto constante coa administración local e coas facilitadoras comunitarias.

Como garanten a súa relación e participación directa na administración local?

- A través dunha persoa referente[2] que fai de ponte e garante que siga sendo un grupo vivo e activo. A relación entre os aliados e esta persoa é constante por medio de xuntanzas periódicas.

2. As persoas de referencia están pendente de definir. En función das circunstancias de cada administración municipal serán asignadas en función do rol que se adapte en cada momento.

- A través de formación especializada que lles dá o Concello, para seguir medrando e desenvolvéndose.

- A través de xornadas de reflexión conxunta onde se dá a coñecer o seu labor e O Lavadoiro a toda a comunidade, así como novas figuras referentes de masculinidades non hexemónicas.

- A través da súa voz, que será clave para deseñar políticas de igualdade e campañas de prevención de violencia machista.

Como garanten a súa relación directa coas facilitadoras?

- A través da participación conxunta en espazos como, por exemplo, xornadas abertas á comunidade.

- A través dun grupo de WhatsApp conxunto onde manter unha comunicación fluída e constante.

- A través das redes sociais onde se comparte a páxina do Lavadoiro.

Promocionan e visibilizan O Lavadoiro e a rede veciñal

Como logran difundir O Lavadoiro?

- Contan con material de difusión onde se expón a información necesaria sobre O Lavadoiro e a rede veciñal.

- Comprométense a dinamizar xornadas divulgativas abertas á veciñanza, onde dan a coñecer os seus saberes e o seu rol.

- Dinamizan a páxina das redes sociais onde se dá a coñecer O Lavadoiro.

- Xestionan propostas para os centros educativos e a comunidade dirixidas a crianzas e adolescentes que abordan a prevención da violencia machista e o posicionamento das masculinidades non hexemónicas.

Como dar con eles?

Podes dar cos aliados na páxina de O Lavadoiro en Facebook
e en lavadoiromoesan@gmail.com

Os aliados tamén poñen en marcha estratexias para ser visibles na comunidade:

- Difunden a súa actividade no entorno máis próximo, a través do boca a boca.
- Teñen xuntanzas mensuais de grupo.

PERSOAL TÉCNICO E POLÍTICO

Que saberes albergan?

O persoal técnico e político alberga varios saberes que activará para garantir a continuidade do Lavadoiro.

É un grupo **receptor e detector** de mulleres que poidan estar vivindo unha situación de violencia machista. Nestas ocasións activa os seguintes saberes:

- O **saber de acompañar** porque se achegan á muller, escóitana e valoran o índice de emerxencia da situación.
- O **saber de derivar** porque activan e se coordinan con recursos públicos locais ou doutra administración.

É un grupo **ponte das facilitadoras e dos aliados**. Para que O Lavadoiro teña continuidade e sexa sostible, activa os seguintes saberes:

- O **saber de apoiar** as facilitadoras no seu labor de acompañar e derivar mulleres en situación de violencia machista.
- O **saber de ser o motor** para as facilitadoras e aliados, apoiando o seu

saber de transformar para que a comunidade coñeza esta rede veciñal.

Este grupo é a **voz do Lavadoiro**; é a súa responsabilidade darlle visibilidade e promocionar este pacto comunitario para lograr un impacto real na veciñanza.

Que rol desempeñan?

Están en constante relación coas facilitadoras comunitarias e cos aliados

Como garanten a súa relación constante coas facilitadoras e aliados?

- A través da persoa de referencia do proxecto e a súa dinamización dos grupos de facilitadoras comunitarias e aliados.

- A través da oferta formativa e a divulgación de recursos de información sobre programas, subvencións, recursos... en materia de igualdade de xénero e prevención de violencia machista.

- A través da construción de espazos de participación e incidencia política, onde as facilitadoras e aliados poidan posicionar a súa voz na xestión das políticas públicas locais.

Promocionan e visibilizan O Lavadoiro e a rede veciñal

Como logran difundir O Lavadoiro?

- A través dun acto lúdico comunitario celebrado en setembro de 2022 para presentar o Pacto e a Rede Veciñal.

- A través da publicación de material do Lavadoiro nos boletíns oficiais e no web institucional.

- A través de formularios de adhesión ao proxecto a través do web e redes sociais institucionais.

- A través da divulgación do Lavadoiro noutras actividades que non teñen relación coa área municipal de igualdade de xénero.

- A través de xornadas abertas á veciñanza para dar a coñecer O Lavadoiro.

Como dar con elas e con eles?

Podes dar co persoal técnico e político:

Do Concello de San Sadurniño no
tfno 981 490 027 e en correo@sansadurnino.gal
e pilar.calvo@sansadurnino.gal

Do Concello de Moeche no
tfno 981 404 006 e en correo@moeche.gal

O Lavadoiro suma pasos á ruta de acompañamento

A administración local forma parte dunha ruta de acompañamento e intervención integral para mulleres que viven unha situación de violencia machista. O Lavadoiro incorpora pasos a esta ruta para sumar un enfoque comunitario. A rede veciñal do Lavadoiro conxúgase coa ruta oficial de acompañamento e intervención institucional para lograr unha ruta que arroupe as mulleres e que traspase barreiras institucionais.

En que consiste a ruta de acompañamento para mulleres en situación de violencia machista?

A atención social integral é un dereito para as mulleres que sofren violencia machista e para os seus fillos e fillas menores. Este dereito está recoñecido na lexislación de referencia que establece un marco normativo propio e completo nesta materia, facendo da prevención o piar básico da acción administrativa que facilite un adecuado apoio á loita social contra a violencia machista:

Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero:

No artigo 19 relativo ao Dereito de atención social integral sinala que: "As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e as corporacións locais, responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e interdisciplinario a nivel profesional".

E igualmente sinala que "Tamén terán dereito á asistencia social integral a través destes servizos sociais os menores que se encontren baixo a patria potestade ou garda e custodia da persoa agredida. Para estes efectos, os servizos sociais deberán contar con persoal especificamente formado para atender os menores, co fin de previr e evitar de forma eficaz ás situacións que poidan comportar danos psíquicos e físicos aos menores que viven en medios familiares onde existe violencia de xénero".

Esta atención integral lévase a cabo a través dunha rede de recursos e servizos de carácter estatal, autonómico e local que se complementan entre si, para dar resposta ás necesidades (de información, de apoio económico, de acceso á vivenda, de apoio e intervención psicosocial etc.) que teñen as mulleres e menores que sofren unha situación de violencia machista, tanto ao longo do proceso de saída desa situación como posteriormente.

Que pasos suma O Lavadoiro a esta ruta?

O Lavadoiro suma pasos á ruta de acompañamento e intervención:

PRIMEIRO PASO DA RUTA:

Nivel comunitario: ACTÍVASE A COMUNIDADE DO LAVADOIRO

- As facilitadoras comunitarias, os aliados e o persoal técnico e político sosteñen os lazos de sororidade da rede veciñal.
- A comunidade do Lavadoiro activa os saberes de detectar, acompañar e derivar:
  - Actívase a escoita activa e o arroupamento emocional.
  - Establécense os lazos entre a rede para garantir que a muller atope os recursos adecuados ao momento que está a transitar.

SEGUNDO PASO DA RUTA:

Nivel local: ACTÍVANSE OS RECURSOS PROFESIONAIS DO TERRITORIO

- As profesionais do territorio activan os recursos especializados para acompañar a muller en situación de violencia machista:
  - **Servizos Sociais Comunitarios de San Sadurniño**
    - Tfno: 981 490 027
    - correo@sansadurnino.gal

- **Servizos Sociais Comunitarios de Moeche**
  - Tfno: 981 404 006
  - correo@moeche.gal
- **Garda Civil San Sadurniño**
  - Tfno: 981 490 006
  - Avenida Marqués de Figueroa, 5
- **Centro Sanitario**
  - Punto de Atención Continuada (PAC) San Sadurniño: 981 495 295
  - Moeche: 981 404 400

TERCEIRO PASO DA RUTA:

Nivel de intervención especializada: ACTÍVANSE OS RECURSOS ESPECIALIZADOS DOUTROS NIVEIS ADMINISTRATIVOS

As profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios activan o saber de derivar e activan os recursos públicos especializados doutros niveis administrativos:

- **Centros de Información á Muller de referencia**
  - CIM de Ferrol: 981 944 124 e igualdade@ferrol.es
    Rúa Lugo, 56, Ferrol
  - CIM das Pontes: 981 441 008 e cim@aspontes.org
    Rosalía de Castro, 28 – 15320, As Pontes
- **Equipo Viogén da Garda Civil de Mugardos: 981 470 005; Rúa Apelón, s/n en Mugardos.**[3]

3. O Programa Viogén é unha rede estatal que se conforma por equipos da Garda Civil especializados na loita contra a violencia machista.

- **Centro de Recuperación Integral (CRI)**

- **Programa de atención psicolóxica a mulleres en situación de violencia de xénero (PAPMVX)**

- **Rede galega de acollemento, que conta cun procedemento de actuación específico (que se pode consultar no seguinte enlace:** Protocolo de acceso á Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero.

Que recursos públicos existen para detectar e acompañar situacións de violencia machista en Galicia?

DETECTAR

- Aplicación Agresión OFF

ACOMPAÑAR

- **Atención telefónica 24h confidencial para mulleres**: 900 400 273

- Asesoramento xurídico online

- **Quenda de garda psicolóxica**: 900 400 273

- **Intervención psicolóxica en casos de violencia sexual**: 981 269 955; 607 116 642; centropsicoterapia@meninos.org

- **Servizo ATENPRO**: servizo telefónico de atención e protección para vítimas de violencia de xénero (24h/365 días) 900 222 292

- **Oficinas de atención á cidadanía e ás vítimas (OAVD)**: servizo de información e asesoramento en materia de violencia de xénero (apoio emocional en situación de crise, información sobre recursos existentes, orientación e derivación cara a recursos especializados).

- En Ferrol: 1ª planta dos Xulgados de Ferrol. Rúa Coruña nº 55. 981 337 520. Correo electrónico: atencion.vitimas.ferrol@xustiza.gal

- **Asistencia xurídica gratuíta SOX**: Colexio de Avogados/as de Ferrol Pazo de Xustiza. R/ Coruña s/n (baixo-dta.) Ferrol. Telf.: 981 354 705

- **Abramos o círculo**: Programa terapéutico para homes que procuran un programa de reprogramación do seu rol e estereotipos a través da atención psicolóxica: 630 170 140

- **Proxecto Fénix**: Programa de prevención e intervención con menores que exercen a violencia machista e con aqueles que manifestan condutas machistas.

DENUNCIAR

- **Patrulla da Garda Civil de San Sadurniño**
  - Tfno: 981490006
  - Avenida Marqués de Figueroa, 5
- **Equipo Viogén da Garda Civil de Mugardos**
  - Tfno: 981 470 005
  - Rúa Apelón, S/N en Mugardos
- **Teléfono de emerxencias da Garda Civil: 062**